


Actividades coa Orquestra Sinfónica de Galicia

Durante o pasado curso 2009-2010 iniciamos unha serie de actividades en colaboración coa *Orquestra Sinfónica de Galicia* que permitiron asistir ao alumnado do noso centro aos ensaios xerais de concertos con solistas de prestixio internacional. Estas actividades tiveron continuación durante os seguintes cursos, aumentando a lista de pianistas que tivemos o pracer de escoitar xunto a esta destacada orquestra: Arcadi Volodos, Yuja Wang, Paul Lewis e Jorge Federico Ossorio.



Concertos dos alumnos do CSM da Coruña



No auditorio José Arriola do Conservatorio “Xan Viaño” de Ferrol, 31-5-2010

Outra das actividades que pretendemos potenciar dende o Departamento de Piano do CSM da Coruña son as audicións, tanto as que realizamos no propio centro durante todo o curso, como as que realizamos noutras salas. Durante o curso 2009-2010, os nosos alumnos actuaron no Conservatorio Profesional “Xan Viaño” de Ferrol e participaron nunha iniciativa de intercambio de alumnos en audicións có CSM de Vigo que trouxo a catro alumnos deste centro ao Auditorio “Andrés Gaos” e levou a catro dos nosos alumnos ao auditorio “Martín Códax”.



No auditorio “Martín Códax” do CSM de Vigo, 8-4-2010

Curso do pianista Alexander Kandelaki 2010

O contacto con diversos profesores proporciona aos alumnos unha visión ampla e rica. Atendendo a esta premisa, dende o Departamento de Piano organizamos cursos con profesores de recoñecido prestixio que, a través da docencia en clases maxistras, aporten o seu particular enfoque musical e pianístico. Concretamente, este curso de piano impartido polo pianista Alexander Kandelaki convocou a gran número de alumnos activos e ouvintes de toda a xeografía española.



Momento do curso impartido por Alexander Kandelaki, 21-3-2010

